



**Expediente núm.:** 1813/2022

**Actividade:** Planificación e ordenación de persoal

**Procedemento:** Planificación e ordenación de persoal

**Asunto:** Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e o Concello do Pereiro de Aguiar para o financiamento do Programa integral de envellecemento activo e prevención da dependencia no exercicio 2022

**Categoría profesional:** Auxiliar de axuda no fogar

### RESOLUCIÓN DE ALCALDIA

#### Antecedentes

1. Con data 01.06.2022 asínase o Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e o Concello do Pereiro de Aguiar para o financiamento do Programa integral de envellecemento activo e prevención da dependencia no exercicio 2022.
2. Para o cumprimento da finalidade prevista na cláusula primeira do dito convenio a Consellería de Política Social e Xuventude aportará cincuenta mil euros (50.000,00 €).
3. O importe da subvención destinarase a cubrir os gastos de natureza corrente efectivamente realizados para o desenvolvemento das actuacións recollidas na cláusula segunda do convenio.
4. O dito convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2022.
5. Tramitouse o correspondente expediente para a Selección de persoal laboral temporal no Concello do Pereiro de Aguiar, de dous/as (2) auxiliares de axuda no fogar ao abeiro do Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e o Concello do Pereiro de Aguiar para o financiamento do Programa integral de envellecemento activo e prevención da dependencia no exercicio 2022.
6. Con data 20 de setembro de 2022 o Tribunal Cualificador estende acta definitiva e proposta de contratación que eleva ao órgano competente coa proposta de nomeamento para a categoría profesional referida.
7. Con data 20 de setembro de 2022, o Departamento de persoal deste Concello, procede ó chamamento dos/as dous/as (2) primeiras persoas que integran as listas definitivas de aspirantes propostos polo Tribunal cualificador, segundo a orde de puntuación obtida no proceso selectivo e recollida na dita Acta definitiva e proposta de contratación.

De conformidade co establecido no artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime Local; o artigo 136 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e artigos concordantes da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local

#### RESOLVO

**Primeiro.-** Contratar aos/as seguintes aspirantes propostos polo Tribunal cualificador para o posto de traballo de "Auxiliar de axuda no fogar":

	APELIDOS E NOME	DNI	TOTAL PUNTOS
1	Domínguez González, Rosa María	9724	9,50
2	Fernández Fernández, Ana Isabel	3491	9,40



**Segundo.-** Contratar aos/as anteditos/as aspirantes para o período comprendido entre o 21 de setembro de 2022 e o 10 de decembro de 2022, para a obra / servizo subvencionado pola Xunta de Galicia "Programa integral de envellecemento activo e prevención da dependencia no exercicio 2022", na categoría profesional de "auxiliar de axuda no fogar", cos seguintes custos salariais:

CATEGORÍA	Auxiliar de axuda no fogar
Nº traballadores	2
Aplicación orzamentaria	231.131.12.
Tipo de contrato	Contrato de duración determinada por circunstancias da produción (402)
Xornada	100,00%
CNAE - Ocupación	8411
Retribucións brutas / Mes por traballador / a	1.327,48 €
S.S. Empresa / Mes por traballador / a	434,75 €
<b>CUSTE TOTAL MENSUAL POR TRABALLADOR / A</b>	<b>1.762,23 €</b>

(1) Incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e complementos salariais suxeitos a cotización mensual

**Terceiro.-** Formalizar o contrato de traballo na modalidade de contrato de duración determinada por circunstancias da produción (402), segundo o artigo 15 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto dos traballadores, e o artigo 2 do Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro polo que se desenvolve o artigo 15 do estatuto dos traballadores en materia de contratos de duración determinada, en réxime de dedicación a tempo completo.

**Cuarto.-** Expor que a duración do contrato por circunstancias da produción non poderá ser superior a seis meses, e extinguirse, previa denuncia de calquera das partes, pola expiración do tempo convindo e non poderá ser prorrogable.

**Quinto.-** Formalizado o contrato, comunicar á oficina pública de emprego que corresponda, no prazo do dez días seguintes á súa concertación.

**Sexto.-** Informar á representación legal dos/as traballadores/as, mediante entrega dunha copia básica dos contratos celebrados.

**Sétimo.-** Constituír unha listaxe de reserva coas persoas aspirantes que superaron o proceso de selección pero que non obtiveron praza, nos termos que constan no artigo 11 das bases da convocatoria e o proceso selectivo. A quenda de reserva queda establecida pola seguinte orde de puntuación, se ben irase actualizando conforme ao disposto nas referidas Bases (artigo 11):

	APELIDOS E NOME	DNI	TOTAL PUNTOS
1	Estévez Lamas, Marina	5927	9





## CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

2	Pérez Formoso, Pilar	47	8,72
3	Castro Ares, Patricia	78	8,7
4	Álvarez Pérez, Minerva María	45	7,6
5	Rodríguez Amoedo, Eva	63	7,59
6	Pérez Martínez, Lorena	88	7,1
7	González Gándara, M <sup>a</sup> Inmaculada	174	6,4

Así mesmo, informaráselle do tratamento dos seus datos persoais e do compromiso de confidencialidade con ocasión da relación que se establece co Concello.

**Oitavo.-** Publicar a presente Resolución na sede electrónica e na páxina web deste Concello do Pereiro de Aguiar.

**Noveno.-** Dar conta da presente Resolución ao Pleno do Concello e (no seu caso) á Xunta de Goberno Local, na primeira sesión que celebren.

**Décimo.-** Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados/as interpoñer, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á recepción desta notificación, ante a Alcaldía deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas - LPACAP-, ou recurso contencioso - administrativo, ante os Xulgados do Contencioso - Administrativo de Ourense no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso - Administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso - administrativo ata que aquel sexa resollido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Así mesmo, poderá exercitar calquera outro recurso que considere pertinente.

Así o acorda o Sr. Alcalde, D. Luís Menor Pérez, no Pereiro de Aguiar, do que como Secretario – Interventor dou fe ó exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O Alcalde,  
Luís Menor Pérez

O Secretario – Interventor,  
José Antonio Cerdeira Pérez

**DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE**

RESOLUCIONS DE ALCALDIA

Número: 2022-0738 Data: 20/09/2022



Cod. Validación: 4NNGXPR65GY52QM3ASJ4YY8NG | Corrección: <https://concellopereiro.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 3 a 3

